



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens escultóricos

Departamento: Conservación e restauración de escultura

Obrigatoria da especialidade

Curso: 4º escultura

2º Cuadrimestre

8 ECTS

Teórico-práctica

Profesor: Antón Pereira Abonjo

anton.pereira@edu.xunta.gal

Horario: 15 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Aplicación dos sistemas e técnicas de intervención para a conservación activa e preventiva, e restauración dos bens escultóricos. Estudo de alteracións, para establecer diagnoses e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención. Execución dos tratamentos de conservación-restauración propios, mediante obra real ou, ocasionalmente maquetas. Elaboración de informes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

| | |
|-----|---|
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T2 | Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente. |
| T3 | Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. |
| T4 | Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación. |
| T8 | Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos. |
| T9 | Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos. |
| T13 | Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. |

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

| | |
|-----|---|
| X1 | Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión. |
| X2 | Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración. |
| X4 | Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados. |
| X7 | Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración. |
| X11 | Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario. |
| X15 | Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio. |



| | |
|---|---|
| X16 | Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ESCULTURA | |
| EE1 | Diagnosticar as alteracións dos bens escultóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración. |
| EE2 | Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas. |
| EE4 | Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens escultóricos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente. |
| EE5 | Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerner ao patrimonio escultórico. |
| EE8 | Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada. |
| EE10 | Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA | |
| Coñecer e diferenciar outros materiais orgánicos empregados en escultura tradicional e as súas alteracións. | |
| Coñecer e diferenciar materiais empregados en escultura contemporánea e as súas alteracións. | |
| Deseñar os sistemas e tratamentos de conservación e restauración mais axeitados a estas obras e levalos a cabo, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas. | |

| UNIDADES DIDÁCTICAS | | |
|--|--|---------------------|
| Unidade | Subtemas | % da materia |
| Outros materiais orgánicos naturais empregados en escultura. | -Natureza dos materiais. -Alteracións. -Tratamentos. | 75% |
| Outros materiais orgánicos sintéticos empregados en escultura tradicional. | -Natureza dos materiais. -Alteracións. -Tratamentos. | 25% |

| PLANIFICACIÓN DOCENTE | | | |
|------------------------------|-------------------|-------------------|--------------|
| Metodoloxías | Horas aula | Horas fóra | Total |
| Sesións maxistras | 50 | | 50 |



| | | | |
|---------------------------------------|------------|-----------|------------|
| Resolución de problemas ou exercicios | 20 | 5 | 25 |
| Prácticas de laboratorio | 110 | | 110 |
| Estudo e/ou traballo autónomo | | 15 | 15 |
| Total | 180 | 20 | 200 |

METODOLOXÍA DOCENTE

| Metodoloxía | Descrición |
|---|---|
| Sesións maxistras | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Resolución de problemas ou exercicios. Informes, memorias de prácticas | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. |
| Prácticas de laboratorio | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (talleres de conservación-restauración). |

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

| Método | Criterios | % avaliación |
|--|--|--------------|
| Probas escritas, combinando respostas longas e curtas | - Aplicación dos coñecementos adquiridos - Corrección no desenvolvemento do exercicio | 60 % |
| Resolución de problemas e/ou exercicios (Lectura, resumo e comentario de textos) Informes, memorias de prácticas | - Puntualidade na entrega - Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos - Capacidade de reflexión, síntese para establecer conclusións - Claridade e eficacia na expresión. Forma | 20 % |
| Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller | - Participación - Interese - Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. - Calidade no traballo - Responsabilidade no traballo - Capacidade de organización - Asistencia continuada | 20% |



| | |
|---|--------------|
| Total | 100 % |
| OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN | |
| <p>Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria.</p> <p>A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda da avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso.</p> <p>Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos exames propostos ao longo do curso.</p> <p>Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, se realizará un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.</p> <p>A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.</p> <p>Os alumnos que non a superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.</p> <p>De cara á avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.</p> | |
| ADAPTACIÓNS CONTEMPLADAS ANTE UNHA ENSINANZA TELEMÁTICA | |
| <p>Emprego da plataforma moodle (respetando a estrutura de contidos descrita para a ensinanza presencial) para compartir apuntamentos e contidos co alumnado, así como para programar e entregar as tarefas (comentarios críticos, memorias das prácticas). Posible uso de foros e/ou pequenas tarefas de seguimento tipo test ou de resposta curta, no caso dun confinamento prolongado ou corentena de todo o grupo.</p> <p>Plataforma Webex para vídeo-clases e vídeo titorías: clases online, posta en común das lecturas realizadas, titorías, etc.</p> <p>Emprego do correo electrónico edu.xunta e do sistema de mensaxería de moodle: notificacións e comunicación en xeral.</p> <p>De darse o caso, realización da proba escrita a través de moodle.</p> <p>No caso de que un ou varios alumnos teñan que entrar en corentena, propóranse actividades complementarias ou substitutivas ao traballo presencial.</p> <p>Os criterios de avaliación manteranse, en principio, conforme están expostos para a docencia presencial. De acordo ás circunstancias sobrevindas (confinamento, corentena, etc.) poderanse modificar para adaptalos a un posible (e prolongado) proceso de docencia a distancia. Nese caso, poderán incrementarse ou reducirse as porcentaxes dos epígrafes da avaliación, sempre co acordo do departamento e traslado inmediato da información ao alumnado.</p> | |
| ATENCIÓN PERSONALIZADA | |
| <p>Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías poderán ofrecerse no despacho do profesor ou mediante correo electrónico</p> | |
| BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA | |
| <ul style="list-style-type: none"> Blank, S. (1990). An introduction to plastics and rubbers in collections. <i>Studies in</i> | |



Conservation, 35(2), 53-63.

- Horie, C. V.: *Materials for Conservation. Organic Consolidants, Adhesives and Coatings*. London, Butterworths, 1987, 1990 (reedición).
- Lidia Righi. *Conservar el Arte Contemporáneo*. Ed. Nerea.
- Grattan, D. W. (1993). Degradation rates for some historic polymers and the potential of various conservation measures for minimizing oxidative degradation. In *Symposium'91: saving the twentieth century; the degradation and conservation of modern materials= Sauvegarder le XXe siècle la dégradation et la conservation des matériaux modernes* (pp. 351-361).
- Canadian Conservation Institute. (1993). *Saving the Twentieth Century: the Conservation of Modern Materials*.
- Anita Quye and Colin Williamson: *Plastics. Collecting and Conserving*. NMS 1999.
- Shashoua, Y. (2012). *Conservation of plastics*. Routledge.
- Shashoua, Y., & Thomsen, S. (1993). A field trial for the use of Ageless in the preservation of rubber in museum collections. In *Symposium'91: saving the twentieth century; the degradation and conservation of modern materials: abstracts= Sauvegarder le XXe siècle la dégradation et la conservation des matériaux modernes* (pp. 363-372).
- Jablonski, E., Learner, T., Hayes, J., & Golden, M. (2003). Conservation concerns for acrylic emulsion paints. *Studies in Conservation*, 48(sup1), 3-12.
- Morgan, J., & Galleries Commission. (1991). *Conservation of plastics: an introduction to their history, manufacture, deterioration, identification and care*.